

## Varios espectáculos infantís para o Mes do Libro da Laracha

 AXENDA LIBRO INFANTIL MES DO LIBRO


### MES DO LIBRO 2024

#### VENRES 12 DE ABRIL

18.00h - Biblioteca de Caión  
(Centro sociocomunitario)  
'Un saco de contos' con Ángeles Goás  
Contacantos



#### VENRES 19 DE ABRIL

18.00h - Biblioteca da Laracha  
'Estrebillando' con María Da Pontraghá  
Contacantos

#### DOMINGO 21 DE ABRIL

12.00h - Biblioteca da Laracha  
'O xogo de Nana' con Raquel Queizás  
Contacantos para bebés



#### VENRES 26 DE ABRIL

18.00h - Biblioteca de Paiosaco  
'A nena que podía falar cos animais' con Nerea Brey  
Contacantos

\*Entrada de balde ata completar aforo

CONCELLO  
DA LARACHAler  
conta moiño

Todos os anos nestas datas o Concello promove unha ampla programación municipal baixo o título Mes do Libro dirixida a fomentar a lectura entre o público infantil en torno ao Día Internacional do Libro que se celebra o 23 de abril.

Nesta ocasión o programa consta de catro contacontos teatralizados, tres deles dirixidos a maiores de catro anos de idade e o outro, a bebés.

A primeira cita será o venres da próxima semana, día **12 de abril**, ás 18:00 h na biblioteca de Caión. *Un saco de Contos*, de Ángeles Goás, é un espectáculo de narración oral composto por unha selección variada de contos tradicionais e literarios mesturados con historias, adiviñas e trabalinguas.

#### NOVAS DE HOXE



Comezaron as obras do aparcamento de Balarés



FSF: O Fisober mira ao ceo



As emprendedoras e empresarias da comarca teñen unha cita este xoves en Vimianzo coa GIRA Mujeres RuralTalks



A AECC de Cee organiza unha nova charla para aprender a afrontar o cancro



A Subdelegada do goberno celebrou o Día do Libro no Hotel Literario Bela Fisterra

PUBLICIDADE

PUBLICIDADE

#### O MÁIS

[VISTO](#) [ACTUAL](#)

15/04/2024

**Corme, conmocionado polo pasamento de Alejandro Torrado**

17/04/2024

**"A proposta da Copa da Costa feminina é unha chambonada"**

15/04/2024

**O Malpica recorre unha posible aliancación irregular do Lira, o que**

O venres seguinte, **día 19**, a biblioteca da Laracha acollerá desde as 18:00 h *Estrebillando*. María da Pontraghxa xoga coas palabras e as emocións a través de contos tradicionais e o ritmo das cancións.

A cita para os más pequenos, o contacontos dirixido a bebés, será o **domingo 21** de abril ás 12:00 h na biblioteca da Laracha. O *xogo de Nano*, de Raquel E é o último evento esta programado para as 18:00 h do **venres 26** de abril na biblioteca de Piosaco. Nerea Brey chegará co seu contacontos *A nena que podía falar cos animais*, e descubrirá cousas asombrosas dos paxaros, coellos, raposos, lobos e outras especies.

En todos os casos a entrada para asistir como público é libre e gratuita ata completar o aforo.

Na organización deste programa o Concello conta coa colaboración da Dirección xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia no marco do programa de dinamización da lectura *Ler conta moito* para a Rede de Bibliotecas de Galicia.

#### Contacontos *Kalopsia* de Europa Direct

Tamén neste mes A Laracha acollerá o contacontos *Coñece Europa con*

**deixa ao Cerqueda un camiño máis claro pola promoción**

19/04/2024

**O FUTFEM volve ao seu berce: A Esteirana súmase á revolución do Fútbol Feminino da Costa**

21/04/2024

**O sorteо da Copa da Costa feminina, ou a busca do enfrentamento da RFGF e os clubs o Fútbol da Costa**

PUBLICIDADE

teu concello a través da Deputación da Coruña.

Trátase dun obradoiro de contacontos que explica ao público infantil dunha maneira sinxela e entreteida o funcionamento e valores da UE. A sesión comezará cun achegamento a algúns contos e libros infantís europeos para coñecer un pouco da tradición literaria da Unión Europea e as diferentes culturas que a compoñen.

A continuación, o público poderá escutar a narración do libro *Un planeta non tan diferente: descubre Europa desde o espacio exterior*, editado pola Representación da Comisión Europea en España. O conto está pensando para que os nenos coñezan a orixe da Unión Europea e entendan que a diversidade é un valor que nos enriquece.

Para rematar, os cativos converteranse en protagonistas e poderán xogar a formar os seus propios países e alianzas. A actividade contará con intérprete de lingua de signos para garantir a accesibilidade.

#### Escola Infantil

Ademais, o día **23 de abril** o alumnado da escola infantil "A Galiña Azul" realizará unha excursión á biblioteca da Laracha para disfrutar do espectáculo sensorial

PUBLICIDADE



**Nova batida para manter limpo o Castro de Montes Claros**



**A AC Santa María de Torás prepara o Día da Muiñeira que contará con 14 agrupacións**



**A larachesa Daniela Montes, gañadora do certame Quero Cantar**

#### COMENTARIOS

Sen comentarios



Deixa o teu comentario...



COPYRIGHT 2019 QUE PASA NA COSTA

Axudas ao programa do bono das  
 persoas autónomas

Xacobeo 2021



QUEN SOMOS  
POLÍTICA DE COOKIES  
AVISO LEGAL Y CONDICIONES DE USO  
COMUNICADOS  
PUBLICIDADE  
HORARIOS AUTOBUSES 2021

opennemas

POWERED BY

